

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 17 de outubro de 2022, polo que se anuncia a convocatoria para a realización de probas selectivas para ingresar, por concurso-oposición e promoción interna, en dúas prazas do corpo de xestión do Parlamento de Galicia e se aproban as bases reguladoras do procedemento de selección

Primeira. Normas xerais

O obxecto do proceso selectivo é cubrir dúas prazas do corpo de xestión do Parlamento de Galicia mediante promoción interna.



O sistema selectivo será o de concurso-oposición.

Ao proceso selectivo seralle aplicable o Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* núm. 248, do 26 de decembro de 2007) e, supletoriamente, a Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, o Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público e as demais normas concordantes, así como o disposto nesta convocatoria.

Segunda. Requisitos das persoas aspirantes

Para seren admitidas á realización das probas selectivas, as persoas aspirantes deberán reunir, o día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, e manter ata o momento da toma de posesión como persoal funcionario, os seguintes requisitos:

- a) Pertencer como persoal funcionario de carreira ao corpo administrativo do Parlamento de Galicia (grupo C) e ter unha antigüidade nese corpo de, polo menos, dous anos.
- b) Estar en posesión ou en condicións de obter o título universitario oficial de grao.

Tamén poderán acceder a este corpo as persoas que estean en posesión de titulación de enxeñeira técnica, diplomatura universitaria, arquitectura técnica ou equivalente.

Considérase equivalente ao título de diplomado universitario ter superados tres cursos completos de licenciatura.

As persoas aspirantes con titulación obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou credencial que acredite, se é o caso, a homologación do título. Este requisito non será aplicable ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao amparo das disposicións de dereito da Unión Europea.

- c) Non exceder a idade de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido obxecto dunha separación de servizo de calquera administración pública mediante expediente disciplinario nin dunha inhabilitación con carácter firme para o exercicio de funcións públicas.
- e) Non poderán participar no proceso selectivo as persoas que xa pertencen ao corpo de funcionarios obxecto desta convocatoria.

Terceira. Solicitudes

As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán formular a súa solicitude segundo o modelo que figura no anexo II destas bases, que tamén estará dispoñible na páxina web do Parlamento de Galicia (www.parlamentodegalicia.gal).

O prazo de presentación será de vinte días hábiles, que se contarán a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Boletín Oficial do Parlamento Galicia*.



Dentro do prazo que se sinala no parágrafo anterior, as persoas aspirantes deberán presentar a súa solicitude, dirixida á Presidencia do Parlamento de Galicia, na sede electrónica do Parlamento de Galicia (<https://sede.parlamentodegalicia.gal>).

As solicitudes tamén se poderán presentar no Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia na rúa do Hórreo núm. 63, 15701, Santiago de Compostela, ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3.1 Documentación

a) Modelo de solicitude segundo a anexo II, cuberto.

b) Fotocopia do DNI.

c) Xustificante de ter aboados os dereitos de exame ou, na súa falta, de ser o caso, documentación acreditativa de encontrarse nalgunha das situacións ás que fai referencia esta convocatoria susceptibles da exención do pagamento.

d) Declaración responsable asinada segundo o anexo III dos méritos alegados para a fase de concurso e documentación acreditativa correspondente, sempre que non conste en poder da Administración parlamentaria.

e) Declaración responsable asinada segundo o anexo IV de non ter sido obxecto dunha separación de servizo de calquera administración pública mediante expediente disciplinario nin dunha inhabilitación con carácter firme para o exercicio de funcións públicas.

A documentación acreditativa dos méritos que se presente en papel deberá estar compulsada.

No caso de presentación por sede electrónica, a compulsa dos orixinais en papel debe ser electrónica de acordo co artigo 29 do Decreto 191/2011, do 22 de setembro, de organización e funcionamento dos rexistros da Administración xeral e das entidades públicas instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia. Os documentos orixinais asinados electronicamente serán válidos sempre que se manteñan en soporte electrónico. Os documentos electrónicos con código de verificación CSV serán válidos en calquera soporte, pois a través do número de referencia poderá cotexarse co orixinal.

3.2. Dereitos de exame

O importe dos dereitos de exame será de 38,02 euros, que se aboarán mediante transferencia bancaria na conta corrente Abanca ES 50 2080 0388 21 3110000 502, na cal se indicará: «Taxas selección CXPG» e o nome e os apelidos e mais o DNI da persoa aspirante.

Ás persoas aspirantes excluídas do proceso selectivo devolveráselles o importe ingresado, sempre que o soliciten no prazo dun mes, contado desde a publicación da relación definitiva de admitidos e excluídos no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Non procederá a devolución do importe aboado en concepto de dereitos de exame nos supostos de renuncia a participar no proceso dos solicitantes admitidos provisional ou definitivamente.



Estará exento do pagamento da taxa dos dereitos de exame quen estea incurso nalgunha das situacións ás que fai referencia a normativa vixente en materia de taxas da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.3. Discapacidades

As persoas aspirantes cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % poderán solicitar, se for necesario e xustificado, posibles adaptacións de tempo e medios especiais para a realización dos exercicios.

De ser o caso, deberán indicalo na súa solicitude, especificando claramente o tanto por cento de discapacidade recoñecida polo órgano competente, e achegar coa solicitude a documentación acreditativa correspondente. De formular a solicitude por sede electrónica, para a compulsa da documentación achegada aplicarase o disposto no parágrafo final da base 3.1.

Cuarta. Admisión das persoas aspirantes

Logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes, a Presidencia ditará unha resolución na que se declarará aprobada a relación provisional de persoas admitidas e excluídas inicialmente, xunto coa motivación da exclusión, de ser o caso. Esta resolución publicarase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa www.parlamentodegalicia.es.

As persoas aspirantes excluídas inicialmente dispoñerán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para poderen alegar ou emendar, de ser o caso, o defecto que motiva a exclusión.

Quen, no prazo sinalado, non repare a causa de exclusión ou alegue a omisión será definitivamente excluído da participación no proceso selectivo.

Ao transcorrer o antedito prazo, a Presidencia ditará unha nova resolución pola que determine a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa. A estimación ou desestimación das emendas achegadas entenderase implícita nesta resolución definitiva e a súa publicación servirá de notificación a quen presentase alegacións.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos exixidos nestas bases. Cando da documentación que deba presentarse, no caso de superar o proceso selectivo, se desprenda que non posúe algún dos requisitos, a persoa interesada decaerá en todos os dereitos que poidan derivar da súa participación neste procedemento.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante este órgano no prazo dun mes, ou ben poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados ambos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



Quinta. Tribunal cualificador

5.1. Composición

O tribunal cualificador das probas selectivas será designado pola Presidencia da Cámara de acordo coa normativa reguladora da función pública aplicable nesta materia. Non poderá estar composto maioritariamente por persoal do corpo ou escala de que se trate. Ningunha persoa integrante terá titulación inferior á exigida para a admisión ás probas. Na súa composición débese atender aos principios de imparcialidade e profesionalidade e ás normas de igualdade de mulleres e homes.

A resolución do nomeamento do tribunal publicarase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e páxina web corporativa www.parlamentodegalicia.es.

O tribunal poderá acordar solicitarlle á Oficialía Maior a incorporación de asesores ou asesoras especialistas para as probas correspondentes aos exercicios que coide necesario, que se limitarán a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas. A designación de tales persoas asesoras deberáselle comunicar á Presidencia do Parlamento de Galicia.

5.2. Abstención e recusación

Os membros do tribunal deberán absterse ou poderán ser recusados por calquera persoa interesada, e particularmente polas persoas aspirantes, cando concorran algúns dos supostos previstos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público, ou se realizen tarefas de preparación de aspirantes relativas a procesos selectivos de acceso ao corpo e escala á que corresponde a praza obxecto desta convocatoria nos cinco anos anteriores ao da publicación. Neste caso, deberánlo comunicar á Presidencia do Parlamento.

Cando se produza esta situación, e consecuentemente a vacante dun membro do tribunal titular, o seu suplente cubrirá o devandito posto e a Presidencia designará un novo ou nova suplente.

A persoa que presida o tribunal, na sesión de constitución, formulará e solicitará dos membros do tribunal unha declaración expresa de non se encontraren incursos nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou na prevista nestas bases.

5.3. Constitución e actuación

A sesión de constitución realizarase no prazo máximo de quince días hábiles a partir da publicación do nomeamento do tribunal no *Boletín Oficial del Parlamento de Galicia*. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia da maioría dos seus membros e será necesaria, en todo caso, a presenza do presidente ou presidenta e do secretario ou secretaria.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección e ao resto do ordenamento xurídico.



As decisións do tribunal adoptaranse por maioría dos presentes.

Por cada sesión do tribunal levantarase acta, que, lida ao principio da sesión seguinte e feitas, se é o caso, as rectificacións que procedan, será autorizada coa sinatura do secretario ou secretaria e co visto e praxe do presidente ou presidenta ou de quen o substitúa.

Correspóndenlle ao tribunal cualificador as funcións relativas á determinación concreta do contido dos exercicios e a cualificación das persoas aspirantes, así como, en xeral, a adopción de cantas medidas sexan precisas para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo. O tribunal queda facultado para resolver todas as dúbidas que xurdan na interpretación e aplicación das normas contidas nas bases desta convocatoria e para determinar a actuación procedente nos casos non previstos.

O tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que, cando o formato do exercicio o permita, os exercicios sexan corrixidos se que se coñeza a identidade das persoas aspirantes.

O tribunal excluírá aquelas persoas aspirantes en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a súa identidade, agás nos supostos en que estea prevista a lectura pública ou exposición oral.

En ningún caso o tribunal poderá aprobar nin declarar que superou o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao da praza convocada. Será nula de pleno dereito calquera proposta de selección que o contraveña.

Os acordos adoptados polo tribunal do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada, ante a Mesa do Parlamento de Galicia, nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para efectos de comunicacións e posibles incidencias, o tribunal cualificador terá a súa sede no domicilio oficial do Parlamento de Galicia, rúa do Hórreo núm. 63, 15701 Santiago de Compostela.

Sexta. Proceso de selección

O sistema de selección será o de concurso-oposición.

6.1. Fase de oposición

A fase de oposición da proba selectiva, constará de tres exercicios obrigatorios e eliminatorios, agás a excepción sinalada máis adiante para o terceiro exercicio. Os temas que rexerán as probas selectivas serán os publicados como anexo I a estas bases.

Teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas co contido do programa que, na data de publicación do nomeamento do tribunal, estean publicadas oficialmente no boletín ou diario correspondente, aínda que a súa entrada en vigor estea diferida a un momento posterior. As normas de dereito positivo relacionadas co contido do programa que fosen derogadas parcial ou totalmente, nas condicións temporais do parágrafo anterior, serán automaticamente substituídas por aquelas que procedan á súa derogación parcial ou total.



6.1.1. Exercicios

Primeiro exercicio

O primeiro exercicio, de carácter obrigatorio, consistirá en contestar por escrito un cuestionario de oitenta preguntas tipo test sobre o contido do programa, con tres respostas alternativas propostas polo tribunal, das que só unha será a correcta. No test poderán poñerse ata cinco preguntas máis de reserva para o caso de que se anule algunha das mencionadas anteriormente.

O tempo máximo de duración desta proba será dunha hora e valorarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario un mínimo de 5 puntos para a superación do exercicio.

Segundo exercicio (só para as persoas aspirantes que superaron o primeiro exercicio)

O segundo exercicio, de carácter obrigatorio, consistirá na resolución dun suposto práctico que elixirán as/os aspirantes entre dous propostos polo tribunal e no que se suscitarán cuestións diversas relacionadas proporcionalmente cos distintos contidos do programa, durante un tempo máximo de dúas horas.

Este exercicio deberá ser lido perante o Tribunal pola persoa aspirante, e valorarse a preparación e correcta aplicación dos coñecementos teóricos do aspirante á resolución dos problemas prácticos expostos.

O tempo máximo de duración desta proba será de dúas horas e valorarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario un mínimo de 10 puntos para a superación do exercicio.

Terceiro exercicio (só para as persoas aspirantes que superaron o segundo exercicio)

Consistirá na realización de dúas traducións, unha do castelán ao galego e outra do galego ao castelán, durante o prazo máximo dunha hora.

Este exercicio cualificarase como apto ou non apto.

Estarán exentas da realización deste exercicio as persoas aspirantes que acrediten posuír, no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, o curso Celga 4 ou de perfeccionamento de galego ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

Os documentos que xustifiquen a exención (orixinais ou fotocopias compulsadas ou documentos verificables electronicamente), de non constar en poder da Administración parlamentaria, deberán ser presentados polas persoas aspirantes que superen o primeiro exercicio no prazo máximo de tres días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación das cualificacións.

Coa convocatoria para a realización deste exercicio publicarase unha listaxe das persoas que están obrigadas a facelo. A non aceptación da solicitude de exención entenderase implícita na inclusión nesta listaxe e a súa publicación servirá de notificación a quen solicitase a exención.



Esta documentación poderase presentar no Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/20158, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

6.1.2. Desenvolvemento dos exercicios

O primeiro exercicio deberá realizarse no prazo máximo de corenta días hábiles contados desde o día seguinte ao da constitución do tribunal.

Entre a realización dun exercicio e o seguinte deberán transcorrer un mínimo de corenta e oito horas e un máximo de corenta días hábiles.

A convocatoria para a realización dos sucesivos exercicios será efectuada polo tribunal, e publicárase na páxina web corporativa www.parlamentodegalicia.es, polo menos corenta e oito horas antes da data e hora sinaladas para o seu inicio.

A orde de actuación das persoas aspirantes iniciárase alfabeticamente pola letra «P», de conformidade co sorteo realizado e publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* (BOPG núm. 92, do 12 de febreiro de 2021).

As persoas aspirantes deberán presentarse, para a realización de cada exercicio, provistas do documento nacional de identidade ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. Así mesmo, deberán levar bolígrafo azul ou negro.

As persoas aspirantes serán convocadas para a realización de cada exercicio nun único chamamento, e será excluída da oposición quen non compareza.

No entanto, as mulleres embarazadas que prevexan a coincidencia do parto coas datas de realización de calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, achegando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse dentro das corenta e oito horas seguintes ao anuncio da data do exame e implicará o consentimento da interesada para permitir o acceso do tribunal ou do órgano convocante aos datos médicos necesarios relacionados coa súa situación.

O tribunal, baseándose na información recibida, acordará se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, adiala ou adoptar ambas as medidas conxuntamente. Contra tal acordo non caberá recurso ningún, sen prexuízo de que as razóns da impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

Os exercicios realizaranse a porta pechada, sen outra asistencia que a das persoas aspirantes, os membros do tribunal e as persoas colaboradoras designadas pola Oficialía Maior, se for o caso.

Os exercicios distribuiranse en galego. Porén, tamén se lles distribuirán en castelán ás persoas aspirantes que así o soliciten.



En calquera momento as persoas aspirantes poderán ser requiridas polo tribunal coa finalidade de acreditar a súa identidade.

Se nalgún momento do proceso selectivo o tribunal ten coñecemento de que algún ou algunha aspirante non cumpre algún dos requisitos exixidos pola convocatoria, logo da audiencia da persoa interesada, deberá acordar proceder á súa exclusión.

Queda totalmente prohibida a utilización de reloxos intelixentes durante os exercicios. Este tipo de dispositivos, do mesmo xeito que os teléfonos móbiles, deberán permanecer apagados e gardados ou depositarse no chan durante todo o desenvolvemento das probas.

As persoas participantes poden presentar, nos tres días hábiles seguintes á realización de cada exercicio, as reclamacións que xulguen oportunas referidas ás preguntas e ao seu contido.

Se o tribunal, de oficio ou con base nalgunha reclamación, anula algunha das preguntas do cuestionario tipo test, substituiranse por orde polas de reserva incluídas no mesmo cuestionario. Esta decisión publicárase xuntamente coas cualificacións do exercicio.

Ao remate das probas que consistan na contestación dun cuestionario, cada persoa aspirante poderá anotar e levar a relación das súas respostas.

6.1.3. Cualificacións

Para respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer o acceso ao emprego público, no caso de que o tribunal acorde parámetros para a cualificación do exercicio, en desenvolvemento dos de valoración previstos nesta convocatoria, aqueles difundiranse con anterioridade á realización do exercicio.

No prazo das vinte e catro horas seguintes á realización de cada exercicio tipo test publicaranse o seu contido e as respostas correctas na páxina web corporativa.

As cualificacións dos exercicios publicaranse na páxina web corporativa.

Concederáse un prazo de dez días hábiles para os efectos de alegacións, que se contarán desde o día seguinte ao da publicación, na web do Parlamento de Galicia, da resolución do tribunal pola cal se fan públicas as puntuacións do correspondente exercicio.

So superarán a fase de oposición as persoas aspirantes que superen os dous primeiros exercicios e acaden a cualificación de apto no terceiro.

A cualificación acadada na fase de oposición será a suma da puntuación total dos dous primeiros exercicios, que se sumará á puntuación da fase de concurso.

Unha vez rematada a corrección dos tres exercicios, a puntuación da fase de oposición publicárase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa www.parlamentodegalicia.es. Concederáse, a partir dese momento, un prazo de dez días hábiles para que as persoas aspirantes fagan as alegacións que xulguen oportunas ante o tribunal.



6.2. Fase de concurso

6.2.1. Acreditacións

A documentación acreditativa dos méritos alegados deberase referir á data de publicación da convocatoria no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Os méritos aos que se refire a base 3.1.d), de non constaren en poder da Administración parlamentaria, deben acreditarse coa seguinte documentación:

- O servizos prestados noutras administracións públicas, así como os dereitos de conciliación exercidos nese período, mediante certificación da unidade de persoal do organismo correspondente. Xunto co certificado achegarase a documentación acreditativa debidamente compulsada dos méritos nel reflectidos, ente a cal se atopará o nomeamento como persoal funcionario, como interino ou como contratado administrativo, ou o contrato laboral.

- Os cursos de formación, mediante a presentación do orixinal ou da copia compulsada do documento acreditativo de telo realizado e onde debe figurar o número de horas de duración do curso.

Non se terán en conta as certificacións que non se axusten ao establecido neste punto, ou as que, en calquera caso, non xunten a documentación acreditativa dos méritos reflectidos na certificación.

No caso de presentación por sede electrónica haberá que aterse ao parágrafo final da base 3.1.

6.2.2. Valoración de méritos

A puntuación máxima da fase de concurso será de 20 puntos.

En ningún caso a puntuación obtida na fase de concurso poderá aplicarse para superar a fase da oposición.

A fase de concurso consistirá en valorarlles ás persoas aspirantes que superen a fase de oposición os seguintes méritos:

6.2.2.1 Antigüidade

A puntuación máxima por antigüidade será de 5 puntos.

A antigüidade valorarase por anos de servizos, computándose tamén, para estes efectos, os servizos recoñecidos que se prestaron con anterioridade á adquisición da condición de funcionario de carreira do Parlamento de Galicia. Diferenciarase a puntuación en función dos corpos ou escalas en que se prestou o servizo, atendendo ao seguinte baremo:

1. Por ano completo de servizos prestados en corpos ou escalas do mesmo nivel de titulación ou superior a aquel en que estea clasificada á praza á que se opta.....0,40 puntos



2. Por ano completo de servizos prestados en corpos ou escalas de inferior nivel de titulación a aquel en que estea clasificada á praza á que se opta.....0,20 puntos

Estas puntuacións asignarase porcentualmente aos períodos inferiores a un ano cunha duración mínima dun mes.

6.2.2.2. Grao persoal consolidado

A puntuación máxima polo grao consolidado será de 2 puntos.

- Nivel 16 ou inferior:0 puntos
- Nivel 17:0,50 puntos
- Nivel 18:1,00 puntos
- Nivel 19:1,50 puntos
- Nivel 20 ou superior:2 puntos

6.2.2.3. Cursos de formación e perfeccionamento

A valoración máxima dos cursos de formación será de 15 puntos.

Serán valorados como mérito os cursos de formación cunha duración mínima de doce horas que fosen realizados nos quince anos anteriores á convocatoria do concurso e organizados ou promovidos polo Parlamento de Galicia, polas escolas oficiais de formación das comunidades autónomas, universidades, administracións públicas ou por outras entidades, sempre que, neste último caso, os cursos contén cunha homologación oficial.

Puntuarase a formación atendendo á seguinte distribución:

1. Cursos sobre aplicacións e programas informáticos relacionados coa actividade do Parlamento de Galicia. Valorarase a razón de 0,01 puntos/hora de formación ata un máximo de 3 puntos. Para tal efecto deberanse detallar previamente aqueles cursos que se consideren relacionados coa actividade da Cámara.
2. Cursos sobre calquera temática relacionada co actividade do Parlamento de Galicia: 0,01 puntos/hora de formación ata un máximo de 10 puntos.
3. Cursos de idiomas distintos do galego impartidos por escolas oficiais: 0,01 puntos/hora de formación ata un máximo de 3 puntos.
4. Cursos impartidos pola persoa aspirante sobre as materias referidas nos apartados anteriores, na propia institución ou en calquera outra administración pública ou organismo dependente: valorarase incrementando a puntuación (puntos/hora) dos distintos apartados nun 50 %, ata un máximo de 10 puntos.

6.2.2.4. Grao de coñecemento do idioma galego

A valoración máxima dos cursos de formación será de 3 puntos.



Valorarase a formación especializada en idioma galego coa seguinte cualificación:

1. Curso de nivel medio de linguaxe administrativa galega, curso de nivel medio de linguaxe administrativa local galega, curso de linguaxe xurídica galega, ciclo superior dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas ou Celga 51,5 puntos
2. Curso de nivel superior de linguaxe administrativa galega ou curso de nivel superior de linguaxe xurídica galega3,00 puntos

6.2.2.5. Titulacións académicas

A puntuación máxima por titulacións académicas será de 4 puntos.

Non se valorarán títulos académicos imprescindibles para a consecución doutros de nivel superior que se aleguen como méritos nin se valorarán os títulos académicos exixidos para o ingreso no corpo obxecto da convocatoria. As titulacións distintas das anteditas valoraranse coa seguinte cualificación:

1. Titulación universitaria de experto1,25 puntos
2. Titulación universitaria de especialista.....1,50 puntos
3. Titulación de máster universitario.....2 puntos
4. Doutoramento3 puntos

6.2.2.6. Exercicio de dereitos de conciliación

A puntuación máxima deste apartado será de 2 puntos.

1. Permiso por parto, adopción ou acollemento (artigos 1 e 2 das normas que amplían os dereitos do persoal, aprobadas por acordo da Mesa do 14 de febreiro de 2020).....0,20 puntos
2. Permiso como proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, garda con fins de adopción, adopción ou acollemento dun fillo ou filla (artigo 3 das normas que amplían os dereitos do persoal, aprobadas por acordo da Mesa do 14 de febreiro de 2020)0,20 puntos
3. Redución de xornada prevista no artigo 59.1.f) do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia 0,02 puntos/mes
4. Excedencia para coidado de fillos/as e familiares (artigo 176 da LEPG).....0,04 puntos/mes

6.2.3. Publicación das puntuacións

As puntuacións obtidas na fase de concurso faranse públicas no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa www.parlamentodegalicia.gal, con posterioridade á publicación das cualificacións do último exercicio da fase de oposición.



As persoas aspirantes dispoñerán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación, para efectuar ante o tribunal as alegacións que xulguen oportunas respecto da puntuación outorgada na fase de concurso.

Sétima. Listaxe de cualificacións finais

7.1. Rematadas as probas, o tribunal emitirá unha resolución cos resultados obtidos por cada persoa aspirante nas fases de concurso e de oposición e a suma total de puntos, que se publicará no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e mais na páxina web corporativa.

Contra esta resolución, as persoas aspirantes poderán presentar alegacións, que non terán o carácter de recurso, ante o tribunal cualificador no prazo de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación na páxina web do Parlamento. As ditas alegacións serán resoltas na proposta definitiva das persoas aspirantes que superasen o proceso selectivo.

A orde de prelación das persoas aspirantes virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e na fase de concurso. Non poderá superar o proceso selectivo un número superior ao de prazas convocadas.

No suposto de empate nas puntuacións de dúas ou máis persoas aspirantes, os criterios para resolver esa situación serán, por esta orde, os seguintes:

- Puntuación máis alta no segundo exercicio.
- Puntuación máis alta no primeiro exercicio.
- Pola orde alfabética do primeiro apelido, comezando pola letra «P», de conformidade co último sorteo realizado e publicado na web corporativa.
- Por sorteo entre as persoas implicadas.

Transcorrido os dez días do prazo referido e, de ser o caso, resoltas as alegacións presentadas, o tribunal fará público, nos mesmos lugares previstos no punto anterior, a proposta definitiva das persoas seleccionadas, coas cualificacións obtidas en cada unha das fases do proceso selectivo, e elevaralle á Mesa do Parlamento unha proposta en favor das persoas aspirantes que obtivesen a maior puntuación para o seu nomeamento como funcionarios ou funcionarias de carreira do corpo de xestión do Parlamento de Galicia.

7.2. A Mesa do Parlamento adoptará o acordo de finalización do proceso selectivo e de aprobación do seu resultado, co ingreso das persoas propostas no corpo de xestión do Parlamento de Galicia. Este acordo publicarase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa e notificaráselles ás persoas seleccionadas.

Oitava. Presentación de documentos

As persoas seleccionadas deberán presentar ante a Presidencia do Parlamento, sempre que non conste en poder da Administración parlamentaria, no prazo de vinte días hábiles desde que se faga público o acordo de aprobación pola Mesa do Parlamento de Galicia, a seguinte documentación:



Copia cotexada do título exixido ou a certificación de ter aprobadas as probas referidas na base segunda, apartado b), ou da certificación académica que acredite ter realizados todos os estudos para a súa obtención, sempre que non consten en poder da Administración parlamentaria.

No caso de presentación por sede electrónica, a compulsa dos orixinais en papel debe ser electrónica de acordo co artigo 29 do Decreto 191/2011, do 22 de setembro, de organización e funcionamento dos rexistros da Administración xeral e das entidades públicas instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia. Os documentos orixinais asinados electronicamente serán válidos sempre que se manteñan en soporte electrónico. Os documentos electrónicos con código de verificación CSV serán válidos en calquera soporte, pois a través do número de referencia poderá cotexarse co orixinal.

As persoas aspirantes teñen dereito a non achegar documentos que xa se encontren en poder da Administración do Parlamento de Galicia ou que fosen elaborados por calquera outra administración. O Parlamento de Galicia poderá consultar ou recadar os ditos documentos, agás que a persoa interesada se opuxese a iso.

Se dentro do prazo fixado, e agás os casos de forza maior libremente apreciados polo letrado oficial maior, non presenta a documentación ou, despois de examinala, se deduz que carece dalgún dos requisitos sinalados na base segunda, aquela non poderá ser promovida e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que poida incorrer por falsidade na solicitude inicial.

Novena. Nomeamento

Unha vez acreditada a posesión dos requisitos exixidos, as persoas seleccionadas serán nomeadas por resolución da Presidencia como persoal funcionario do corpo de xestión do Parlamento de Galicia. Este nomeamento notificaráselles ás persoas interesadas e publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na web corporativa www.parlamentodegalicia.gal.

No prazo dun mes, contado desde o día seguinte á publicación dos seus nomeamentos no *Diario Oficial de Galicia*, as persoas nomeadas deberán tomar posesión perante a Presidencia do Parlamento e realizar xuramento ou promesa de acatamento á Constitución e ao Estatuto de Autonomía de Galicia, de obediencia ás leis e de exercer fielmente ás súas funcións.

A falta de toma de posesión dentro do prazo establecido por causa imputable á persoa interesada producirá o decaemento do seu dereito a ocupar a praza obxecto deste proceso selectivo

Décima. Cláusula derradeira

Contra esta convocatoria, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante a Mesa do Parlamento de Galicia no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte



ao da súa publicación, segundo o artigo 10.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2022
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente da Mesa do Parlamento de Galicia

ANEXO I

Temario do corpo de xestión do Parlamento de Galicia

Tema 1. O Regulamento do Parlamento de Galicia (1): título II Estatuto dos deputados. Acordos da Mesa do Parlamento sobre o réxime económico, fiscal e social dos deputados.

Tema 2. O Regulamento do Parlamento de Galicia (2): título III Grupos parlamentarios. Acordos da Mesa do Parlamento sobre as subvencións aos grupos parlamentarios: regulación, tipos e condicións. Xustificación.

Tema 3. Regulamento do Parlamento de Galicia (3): título IV Organización do Parlamento: Mesa do Parlamento, Xunta de Portavoces, comisións, Pleno e Deputación Permanente.

Tema 4. O Regulamento do Parlamento de Galicia (4): transparencia. Publicidade activa na Lei 19/2013, do 9 decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Especialmente información en materia económica, orzamentaria, estatística, patrimonial e de subvencións.

Tema 5. O Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia (1): autonomía administrativa do Parlamento. Organización da Administración do Parlamento: Mesa do Parlamento, Presidencia, Oficialía Maior e unidades administrativas.

Tema 6. O Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia (2): réxime xurídico de disposicións e actos administrativos. Disposición adicional segunda. Aplicación da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Título III Dos actos administrativos. Disposición adicional 22ª da Lei 40/2015.

Tema 7. O Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia (3): Procedemento administrativo. Aplicación da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas: título IV Procedemento administrativo común.

Tema 8. O Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia (4): Os convenios de colaboración. Aplicación da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público aos convenios: Concepto e clases. Requisitos de validez e eficacia. Contido. Trámites preceptivos para a subscripción de convenios. Extinción, resolución e efectos. Exclusiones.

Tema 9. O Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia (5): contratación na Administración parlamentaria. Normas de uso da plataforma de licita-



ción electrónica. Mesa de contratación do Parlamento de Galicia: composición. Tribunal de Recursos Contractuais do Parlamento de Galicia: creación e composición.

Tema 10. O Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia (6): as subvencións. Aplicación da normativa estatal e autonómica. A execución do gasto e a súa xustificación nos procedementos de subvencións.

Tema 11. O Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia (7): Bens. Tipos de bens existentes no Parlamento de Galicia. Inventario de bens: altas e baixas, condicionantes. Agasallos institucionais.

Tema 12. Tipos de contratos administrativos: obxecto e características do contrato de obras, contrato de subministración, contrato de servizos, contrato de concesión de obra e contrato de concesión de servizos.

Tema 13. Os contratos administrativos: capacidade e solvencia do empresario, clasificación de empresas, orzamento base de licitación e valor estimado. Garantías: tipos e constitución.

Tema 14. Actuacións preparatorias do contrato, tipos de procedementos de adxudicación: características principais.

Tema 15. Adxudicación do contrato, execución, modificación e extinción. Pagamento do prezo.

Tema 16. Os contratos privados da Administración: referencias normativas, réxime xurídico e xurisdición competente. O contrato de seguro: características e peculiaridades normativas.

Tema 17. A Lei 5/2011, do 30 de setembro, de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia (I): Bens de dominio público e bens patrimoniais: concepto legal e principios relativos a eles.

Tema 18. A Lei 5/2011, do 30 de setembro, de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia (II). Adquisición, arrendamento, alleamento e cesión de bens e dereitos patrimoniais. Comodatós.

Tema 19. A protección de datos de carácter persoal. Disposicións xerais e datos especialmente protexidos. Normas para a regulación e protección dos datos de carácter persoal existentes no Parlamento de Galicia. (Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 21 de marzo de 2012; Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 11 de abril de 2014).

Tema 20. Normativa reguladora en materia de igualdade. Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e a súa incidencia na Administración pública. Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Tema 21. O dereito orzamentario: concepto, suxeito. Principios orzamentarios: políticos, contables e económicos. Estrutura orzamentaria: Clasificación orgánica, económica e funcional.

Tema 22. A Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira das administracións públicas. Conceptos. Principios xerais da lei. Obxectivo de estabilidade orzamentaria e regra de gasto. Límite de gasto non financeiro.



Tema 23. Lei 3/2004, do 29 de decembro, modificada pola Lei 15/2010, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais: obxecto, prazo de pagamento, devindicación, xuros de demora, requisitos para exixilos, indemnización por custos de cobramento. Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pagamento a provedores das administracións públicas: capítulo I e II.

Tema 24. Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. Principios orzamentarios e de control. Principios da xestión económico-financieira. Elaboración e contido. Tramitación parlamentaria para a súa aprobación. Prórroga.

Tema 25. Regulamento de réxime orzamentario e contable do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo (1): contido e aprobación dos orzamentos da Cámara. Especialidades na tramitación parlamentaria. Prórroga. Liquidación do orzamento: contido, elaboración e aprobación.

Tema 26. Regulamento de réxime orzamentario e contable do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo (2): A especialidade orzamentaria. Os créditos e as súas modificacións. Créditos extraordinarios, suplementos. Transferencias de crédito: supostos e límites. Xeracións de crédito. Financiamento. Órganos competentes. Incorporación de remanentes.

Tema 27. Regulamento de réxime orzamentario e contable do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo (3): A ordenación do gasto: Órganos competentes, fases do procedemento, documentos contables que interveñen na execución do gasto. Gastos plurianuais. Tramitación anticipada. Pagamentos prioritarios. Recoñecemento extraxudicial de crédito.

Tema 28. Regulamento de réxime orzamentario e contable do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo (4): A ordenación do pagamento: órganos competentes. Cesión do crédito: requisitos. Reintegro de pagamentos indebidos. Regulación dos pagamentos a xustificar no Parlamento de Galicia.

Tema 29. Regulamento de réxime orzamentario e contable do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo (4): Contabilidade orzamentaria e contabilidade de xestión. O control interno da Intervención Xeral: fiscalización previa. Tipos e tramitación de reparos. A Conta xeral do Parlamento de Galicia: elaboración e aprobación. Órganos de control externo.

Tema 30. A contabilidade pública e a planificación contable. O Plan xeral de contabilidade pública: fins, obxectivos, ámbito de aplicación e características. Principios contables.

Tema 31. Facturación electrónica. Lei 56/2007, do 28 de decembro, de medidas de impulso da sociedade da información. Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público. O período medio de pagamento.

Tema 32. Os tributos: concepto, natureza e clases. A Lei xeral tributaria: principios xerais; especial referencia aos contidos na Constitución. Normas tributarias.

Tema 33. Lei reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas: suxeición ao imposto. Renda sometida a gravame. Determinación da base imponible. Xestión do imposto.



Tema 34. Lei reguladora do imposto do valor engadido: feito imponible. Exencións. Devindicación. Base imponible. Suxeitos pasivos. Tipo impositivo.

Tema 35. O Estatuto de persoal da Administración parlamentaria (1). Clasificación do persoal da Administración do Parlamento de Galicia e rexistro de persoal. Comezo e extinción da relación de servizo. Planificación e ordenación do persoal. Acceso ao emprego público: sistemas.

Tema 36. O Estatuto de persoal da Administración parlamentaria (2). Situacións administrativas. Vacacións, licenzas e permisos. Representación, participación, negociación colectiva. Incompatibilidades. O réxime disciplinario do persoal da Administración parlamentaria.

Tema 37. Provisión de postos: normas reguladoras aprobadas pola Mesa do Parlamento. Avaliación do desempeño no Parlamento de Galicia. Carreira profesional: normas reguladoras aprobadas pola Mesa do Parlamento.

Tema 38. O persoal laboral ao servizo das administracións públicas. Dereitos e deberes. O contrato laboral: contido, modalidades, suspensión e extinción. Negociación laboral. Conflitos e convenios colectivos.

Tema 39. As nóminas: normas de confección. Estrutura retributiva do persoal no Parlamento de Galicia: retribucións básicas e complementarias. Altas e baixas. Devindicación e liquidación de dereitos económicos. Concesión de anticipos.

Tema 40. A protección social do persoal do Parlamento (I). Réxime de Seguridade Social. Clases pasivas. Afiliación e cotización. Xestión da acción protectora: tipos de contingencias e prestacións actuais.

Tema 41. A protección social do persoal do Parlamento (I). Complemento retributivo de IT. Regulamento de axudas sociais. Outras melloras.

Tema 42. Indemnizacións por razón de servizo: normativa de aplicación, contido. Resarcimento de gastos. Acordos ao respecto da Administración parlamentaria.



ANEXO II

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN EN PROCESOS SELECTIVOS

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE				
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	
NOME DA VÍA		NÚM.	ANDAR	PORTA
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	
TELÉFONO		CORREO ELECTRÓNICO		

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF



DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Medio de notificación preferente

Electrónica a través do enderezo da Internet <https://sede.parlamentodegalicia.gal>. Só poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao DNI da persoa indicada

Postal (cubrir o enderezo só se é distinto do indicado anteriormente)

NOME DA VÍA	NÚM	ANDAR	PORTA
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE

OBJECTO DA SOLICITUDE:

Participación na convocatoria do PROCESO SELECTIVO:

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:

Fotocopia do DNI

Certificación acreditativa do coñecemento da lingua galega no nivel exixido

Xustificante de ter aboados os dereitos de exame

Acreditación do grao de discapacidade superior ao 33 %, polo que se solicitan as adaptacións indicadas en observacións

Declaracións segundo modelos anexos que figuran nas bases

Outros

OBSERVACIÓNS:



A persoa solicitante ou representante declara que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos

O Parlamento de Galicia é o responsable destes datos, que serán incorporados ao rexistro da actividade de tratamento denominada «Procesos selectivos», cuxa finalidade é a xestión de selección de persoal, lexitimada polo cumprimento de obrigas legais. Destinatarios: non está prevista a cesión de datos. Dereitos: as persoas solicitantes poderán exercer os seus dereitos, previstos nos artigos 15 ao 22 do Regulamento xeral de protección de datos, a través da páxina Web: <http://www.parlamentodegalicia.gal/Portada/ProteccionDatos>, na que dispoñen de información adicional

LEXISLACIÓN APLICABLE

Bases da convocatoria do proceso selectivo

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia

Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia

Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público

Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

	,		de		de	
--	---	--	----	--	----	--

Presidencia do Parlamento de Galicia



ANEXO III

Declaración responsable dos méritos que se alegan para participar no proceso selectivo para ingresar por promoción interna nunha praza do corpo de xestión do Parlamento de Galicia

.....,

aspirante a participar no proceso selectivo para a cobertura de dúas prazas do corpo de xestión do Parlamento de Galicia, que ocupa o posto de do corpo administrativo nesta administración.

Declaro responsablemente

Que os méritos que se relacionan son correctos e certos e que están xustificadas documentalmente nas acreditacións que se achegan ou ben xa constan en poder da Administración parlamentaria.

a) Antigüidade

a.1. Servizos prestados como funcionario/a de carreira do Parlamento de Galicia (para estes efectos, considéranse servizos prestados o tempo de gozo da excedencia para o coidado de fillos/as e familiares)

Posto:Grupo:Tempo:meses.

Posto:Grupo:Tempo:meses.

a.2. Servizos prestados como funcionario/a de carreira nos distintos corpos doutras administracións públicas nos grupos a que fai referencia o apartado anterior

Administración pública de:.....

Posto:Grupo:Tempo:meses.

Administración pública de:.....

Posto:Grupo:Tempo:meses.

b) Traballo desenvolvido na Administración pública en anteriores postos, en materias relacionadas co posto ao que se opta

Administración pública de:.....

Posto:Grupo:Tempo:meses.

c) Grao persoal consolidado:

d) Conciliación nos cinco anos anteriores á data de publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*



Os meses computaranse por días naturais (trinta días)

d.1.Tempo de permiso por parto, adopción ou acollida meses.

d.2. Tempo de permiso do outro proxenitor por parto, adopción ou acollida meses.

d.3. Tempo de redución de xornada: meses. artigo 59.1.f) do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia

d.4. Tempo de excedencia para coidado de fillos/as e familiares: meses. (artigo 176 da LEPG).

e) Formación

Denominación do curso	Entidade que o impartiu	Ano de realización	Horas de duración

.....,de.....de 2022

(Sinatura)



ANEXO IV
Declaración responsable

....., co DNI núm.

Declaro responsablemente

Que non fun separado/a do servizo de ningunha administración pública mediante expediente disciplinario nin estou inhabilitado/a con carácter firme para o exercicio de funcións públicas.

Asino esta declaración para os efectos de participar no proceso selectivo para ingresar por promoción interna nunha praza do corpo de xestión do Parlamento de Galicia.

.....,de.....de 2022

(Sinatura)

